

CONTRATACIÓN

MLA

Refª: Acta lectura informe e apertura sobreos C manteremento sistemas control tráfico

Asunto:

FOLIO

000560



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 13:10 horas do día 16 de xaneiro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais, dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Xosé Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Jaime Castiñeira Broz, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, don Luis A. Casais Fernández, titular da asesoría xurídica, don Pablo Fuentes Faílde, xefe do servizo municipal de enxeñería e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asisten ao acto público don Carlos López, en representación de ELECTRONIC TRAFIC S.A, don Javier Burgo, en representación de SICE e don Juan Carlos Costoyas e don José López, en representación de TELEVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a dar lectura ao informe emitido polo xefe do servizo municipal de enxeñería non que se recolle a explicación da aclaración solicitada polos membros da mesa de contratación en relación coa avaliación do apartado C4. Tras a lectura do informe e as explicacións realizadas polo propio autor do informe presente no acto procedese a dar lectura ás puntuacións definitivas totales dos criterios valorados:

- INDRA SISTEMAS: 21,6 puntos.
- SICE: 21,17 puntos.
- ACISA: 20,03 puntos.
- TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A: 48,98 puntos.
- ELECTRONIC TRAFIC S.A: 34 puntos.

A continuación procédese á apertura dos sobreos C relativos aos criterios avaliables automaticamente, co seguinte resultado:

- INDRA SISTEMAS propón como **prezo do contrato** a cantidade sen IVE de 157.215,32 euros, oferta unha **porcentaxe única** de baixa sobre o cadro de **prezos unitarios** do ANEXO III do prego de prescricións técnicas para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma de instalacións de 40%, unha **porcentaxe única de baixa** sobre o cadro de prezos unitarios de **man de obra** en actuacións fóra do horario de

CONTRATACIÓN

MLA

Refº: Acta lectura informe e apertura sobreos C mantemento sistemas control tráfico

Asunto:

mantemento do ANEXO III do prego de prescricións técnicas de 20% e un **prazo total de garantía** sobre reparacións executadas polo licitador de 60 meses.

- SICE propón como **prezo do contrato** a cantidad sen IVE de 209.620,51 euros, oferta unha **porcentaxe única** de baixa sobre o cadro de **prezos unitarios** do ANEXO III do prego de prescricións técnicas para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma de instalacións de 21%, unha **porcentaxe única de baixa** sobre o cadro de prezos unitarios de **man de obra** en actuacións fóra do horario de mantemento do ANEXO III do prego de prescricións técnicas de 22% e un **prazo total de garantía** sobre reparacións executadas polo licitador de 60 meses.
- ACISA propón como **prezo do contrato** a cantidad sen IVE de 1.118.458,40 euros, oferta unha **porcentaxe única** de baixa sobre o cadro de **prezos unitarios** do ANEXO III do prego de prescricións técnicas para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma de instalacións de 10,63%, unha **porcentaxe única de baixa** sobre o cadro de prezos unitarios de **man de obra** en actuacións fóra do horario de mantemento do ANEXO III do prego de prescricións técnicas de 10,63% e un **prazo total de garantía** sobre reparacións executadas polo licitador de 72 meses.
- TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A propón como **prezo do contrato** a cantidad sen IVE de 209.620,43 euros, oferta unha **porcentaxe única** de baixa sobre o cadro de **prezos unitarios** do ANEXO III do prego de prescricións técnicas para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma de instalacións de 20%, unha **porcentaxe única de baixa** sobre o cadro de prezos unitarios de **man de obra** en actuacións fóra do horario de mantemento do ANEXO III do prego de prescricións técnicas de 40% e un **prazo total de garantía** sobre reparacións executadas polo licitador de 72 meses.
- ELECTRONIC TRAFIC S.A propón como **prezo do contrato** a cantidad sen IVE de 235.822,98 euros, oferta unha **porcentaxe única** de baixa sobre o cadro de **prezos unitarios** do ANEXO III do prego de prescricións técnicas para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma de instalacións de 15%, unha **porcentaxe única de baixa** sobre o cadro de prezos unitarios de **man de obra** en actuacións fóra do horario de mantemento do ANEXO III do prego de prescricións técnicas de 10% e un **prazo total de garantía** sobre reparacións executadas polo licitador de 72 meses.

Á vista das ofertas presentadas, os integrantes da mesa acordan por unanimidade non proceder neste momento á realización das puntuacións obtidas por cada unha das empresas e convocar unha nova mesa de contratación con posterioridade no que se leerán as puntuacións definitivas e se realizará a proposta de adxudicación.

CONTRATACIÓN

MLA

Refº: Acta lectura informe e apertura sobre C mantemento sistemas control tráfico

Asunto:

FOLIO
000561

Sen mais que manifestar, conclúese o acto ás 13:25 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García

O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz



